

CATÁLOGO DE SERVICIO EN MATERIA DE OBRAS, SERVICIOS PÚBLICOS, MEDIOAMBIENTE E URBANISMO

A asistencia técnica en materia de obras, servicios públicos, medio ambiente e urbanismo abarcará, entre outras, as seguintes prestacións:

Emisión de ditames e informes técnicos, en relación coas obras, construcións e servicios da competencia ou propiedade local.

Emisión de informes ou ditames técnicos nos procedementos de elaboración de instrumentos de planeamento e xestión urbanística e nos procedementos de outorgamento de autorizacións urbanísticas ou medioambientais de competencia local.

Supervisión de proxectos técnicos locais

Redacción e dirección facultativa de proxectos técnicos de obras municipais, nos termos recollidos nos plans provinciais anuais de asistencia. Para estes efectos, os plans anuais recollerán a tipoloxía e número de proxectos que poderán ser elaborados ou asumida a súa dirección técnica polos servicios provinciais, establecendo, de se-lo caso, os criterios para a determinación dos concellos beneficiarios, mediante procedementos de concurrencia pública.

Anualmente, os plans provinciais de asistencia a municipios e entidades locais recollerán, se é o caso, programas específicos de asesoramento e asistencia técnica en materia de xestión de obras e servicios e medio ambiente, que poderán incluí-la prestación doutros servicios técnicos especializados nas materias de urbanismo, medio ambiente, obras e servicios públicos municipais, establecendo, se é o caso, as fórmulas de xestión e financiamento destes servicios especializados de asistencia.

No suposto en que o asesoramento técnico teña relación coa existencia dun conflito entre entidades locais será de aplicación “A asistencia económica abarcará calquera tipo de asesoramento económico-financieiro, incluíndo a contestación de consultas, comunicacións e visitas informativas, redacción de informes, estudos, ditames e propostas de resolución de índole económica.” excluíndose, en todo caso, a posibilidade deste asesoramento cando a propia Deputación Provincial sexa parte interesada.